



## **BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS LOCAIS (AUTÓNOMOS E EMPRESAS) NO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL DAS XXI XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA “MUROS MIRA AO MAR”**

### **1. Obxecto**

Estas bases teñen por obxecto regular a participación dos establecementos comerciais locais (autónomos e empresas) no Mercado Mariñeiro Tradicional que se celebrará os días 10, 11 e 12 de xullo de 2026, no marco das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”, organizadas polo Concello de Muros.

O Mercado Mariñeiro constitúe un dos elementos centrais destas xornadas e ten como finalidade recrear o ambiente dun mercado mariñeiro tradicional, poñendo en valor a cultura marítima local e contribuíndo á dinamización económica e cultural do municipio.

### **2. Requisitos de participación**

Poderán solicitar a participación no Mercado Mariñeiro todos aqueles establecementos comerciais locais (persoas autónomas ou empresas) con sede no Concello de Muros, que desexen ofertar os seus produtos durante a celebración das xornadas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar dados de alta como autónomos ou empresas na actividade correspondente.
- Presentar a solicitude e a documentación requirida dentro do prazo establecido.
- Garantir que a decoración e ambientación do posto se axusta á estética dun mercado mariñeiro tradicional do século XIX.

### **3. Prazo e lugar de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será **do 6 ao 20 de abril de 2026**.

As solicitudes deberán presentarse por algunha no rexistro xeral do Concello de Muros ou a través da sede electrónica municipal: [sede.muros.gal](https://sede.muros.gal)

### **4. Documentación obrigatoria**

As persoas ou empresas interesadas deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:



- Plano e descrición detallada do posto, especificando a decoración, a cartellaría e os produtos que se van ofertar.
- Plano de localización do posto, indicando as dimensións do mesmo, a ubicación nun plano e, de ser posible, as coordenadas.
- Xustificante do pagamento da cota de autónomos, no caso de persoas traballadoras autónomas, ou último recibo de pagamento da Seguridade Social, no caso de empresas.

## 5. Estética e ambientación

Co obxectivo de manter unha estética coherente coa temática das xornadas, todos os postos deberán cumprir os seguintes criterios:

- A decoración deberá inspirarse nun mercado mariñeiro tradicional do século XIX, evitando a presenza de elementos modernos que desvirtúen a ambientación do evento.
- Recoméndase o uso de materiais naturais como madeira, teas rústicas, velas de cor branca ou beige, redes, apeiros de pesca, cunchas ou elementos vinculados coa tradición mariñeira.
- A cartellaría deberá estar redactada en lingua galega e manter unha estética acorde coa ambientación tradicional.
- A vestimenta do persoal do posto deberá adaptarse á temática mariñeira da época, contribuíndo á recreación histórica do mercado.

Así mesmo, anímase a todos os establecementos comerciais da vila de Muros a manter durante os días das xornadas unha estética respectuosa coa celebración, contribuíndo á ambientación global do evento.

## 6. Condicións de funcionamento

Os postos participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Permanecer abertos durante os tres días de celebración do evento.
- Respetar os seguintes horarios mínimos de apertura ao público:
  - o De 11:00 h a 14:00 h
  - o De 18:00 h a 20:00 h
- Cumprir coa normativa vixente en materia de seguridade, hixiene e sanidade.
- Queda prohibido o uso de elementos que dificulten a accesibilidade ou que poidan supoñer un risco para as persoas asistentes.



## **7. Criterios de selección dos postos**

No caso de que o número de solicitudes supere o número de espazos dispoñibles, a organización realizará unha selección atendendo aos seguintes criterios:

- Adecuación da proposta á temática mariñeira tradicional das xornadas.
- Calidade estética e nivel de ambientación do posto.
- Variedade e interese dos produtos ofrecidos, procurando evitar duplicidades e garantindo unha oferta diversa.
- Integración da proposta na ambientación global do mercado mariñeiro.

## **8. Resolución e aceptación**

A organización das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar” será a encargada de avaliar as solicitudes recibidas e de asignar os espazos dispoñibles no Mercado Mariñeiro, de acordo cos criterios establecidos nas presentes bases.

A participación no Mercado Mariñeiro implica a aceptación plena nestas bases por parte das persoas ou empresas solicitantes.